

**BASES XERAIS E CONVOCATORIA QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE AXUDAS POR
NACEMENTO OU ADOPCIÓN A TRAVÉS DO 'CHEQUE BEBÉ 2019' (EXP. 341/2019)**

As presentes bases e convocatoria que rexerán as axudas polo nacemento ou adopción dun/dunha fillo/a fanse ao abeiro da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Ordenanza municipal reguladora publicada no BOP nº 19, de data 25/01/2005.

PRIMEIRA.- OBXECTO E RÉXIME DAS AXUDAS

1. O obxecto é fixar as bases reguladoras para o ano 2019 das axudas e subvencións polo nacemento ou adopción dun/dunha fillo/a que concede o Concello de Toén.
2. A concesión destas axudas realízase mediante o réxime de concorrencia competitiva.
3. Un extracto da presente convocatoria publicarase no Boletín oficial da provincia de Ourense a través da Base de Datos Nacional de Subvencións, sen prexuízo da súa inserción íntegra no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal (<http://concellodetoen.sedelectronica.es>).

SEGUNDA.- FINANCIAMENTO

Para a concesión das axudas convocadas destínase a cantidade de 3.500,00 €, que se financiará con cargo á aplicación 231.48 do estado de gastos do orzamento municipal do exercicio 2019.

TERCEIRA.- CONTÍAS E DESTINO DAS AXUDAS

1. A contía das axudas será de 250,00 € por cada fillo/a nado/a ou adoptado/a. En caso de que haxa máis solicitudes que crédito dispoñible, a contía será a resultante de dividir o importe total do crédito dispoñible entre o número de solicitudes presentadas.
2. O pagamento da axuda realizase a través da entrega dunha tarxeta 'Cheque bebé', cuxo uso réxese polas seguintes condicións:
 - Terá que destinarse á adquisición de bens relacionados coa maternidade e coas necesidades básicas do/a menor.
 - Terá que realizarse o gasto nos seguintes establecementos: farmacia e botica do Concello de Toén.
 - Terá que realizarse o gasto no prazo máximo de 6 meses desde a data da entrega da tarxeta.


CUARTA.- PERSOAS BENEFICIARIAS E REQUISITOS

Serán persoas beneficiarias as nais ou pais que tivesen un/unha fillo/a, ou adoptasen un/unha fillo/a menor de 4 anos, así como os/as titores/as coa patria potestade ou tutela en caso de falecemento dos/as pais/nais, que cumpran os seguintes requisitos:

- Que o nacemento ou a adopción tivese lugar no ano 2019
- Que a persoa beneficiaria sexa española ou estranxeira con residencia legal en España
- Que a persoa beneficiaria estea empadroada no Concello de Toén cunha antigüidade mínima de 1 ano no momento do nacemento ou adopción.
- Que o/a neno/a estea empadroado/a no domicilio da persoa solicitante no momento da solicitude

QUINTA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

1. A presentación da solicitude da axuda presume a aceptación incondicional das bases da convocatoria e das condicións, requisitos e obrigas que se conteñen nela.
2. A solicitude presentarse nos modelos que o propio Concello facilitará, e que serán publicados na sede electrónica municipal (<http://concellodetoen.sedelectronica.es>).
3. A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:
 - Fotocopia do DNI ou da tarxeta de residencia da persoa solicitante
 - Fotocopia do libro de familia, ou certificado de nacemento, ou copia do auto xudicial da adopción.
 - Certificado de empadramento e convivencia da unidade familiar onde figure a data de alta no Padrón de habitantes.
 - Declaración responsable de que cumpre cos requisitos para acceder a estas axudas establecidos nas bases da convocatoria.
 - Declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda estatal, autonómica e local, e coa Seguridade Social.





- Declaración responsable de non incorrer en ningunha das causas que impiden obter a condición de beneficiario segundo o artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Declaración responsable de que se compromete a cumprir as obrigas que para as persoas preceptoras de axudas e subvencións establece o artigo 14 da dita Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Declaración responsable de non ter solicitado nin obtido ningunha outra subvención, axuda, ingreso ou recurso para a mesma finalidade, procedente de calquera administración ou ente público ou privado que resulte incompatible coa presente axuda.

SEXTA.- LUGAR E PRAZO

1. As solicitudes da axuda presentaranse no rexistro xeral do Concello de Toén ou a través de calquera outro medio dos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
2. O prazo para a presentación das solicitudes comeza o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín oficial da provincia de Ourense e remate o día 30/11/2019.

SÉTIMA.- ÓRGANO DE INSTRUCCIÓN

A competencia de instrución do procedemento de concesión corresponderalle á traballadora social do Concello. Realizaranse de oficio cantas actuacións se estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

OITAVA.- ÓRGANO COMPETENTE PARA RESOLVER E PUBLICIDADE DA CONCESIÓN

Unha vez avaliadas as solicitudes polo órgano instrutor este elevará informe á Alcaldía, quen formulará proposta de resolución que se someterá á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver. A resolución ditarase no prazo máximo de un mes dende a data de remate do prazo para a presentación de solicitudes.

O acordo de outorgamento será obxecto de publicación na sede electrónica municipal (<http://concellodetoen.sedelectronica.es>) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.infosubvenciones.es>), con expresión dos/as beneficiarios/as e da contía das subvencións concedidas.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

En todo o non especificado nestas bases ateranse ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza reguladora da concesión de subvencións do Concello de Toén. Tamén se aplicará a lexislación vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O alcalde

(Documento asinado electronicamente na marxe)

